

2. O Levantamento contra os Franceses e o Desenvolvemento da Guerra

Subapartado	Contidos
As Abdicacións de Baiona e o Proxecto Napoleónico	• Fraude de Baiona: Napoleón convoca á familia real en Baiona. Napoleón aproveitou o enfrontamento entre pai e fillo para presentarse como árbitro e quedar coa coroa. Non foi un pacto, senón unha coacción. Mediante presións, obriga a Fernando VII a devolver o trono a Carlos IV, e a este a cedelo a Napoleón, quen finalmente nomea ao seu irmán Xosé I Bonaparte como rei. • Publícase o Estatuto de Baiona: máis que unha constitución, foi unha “<i>carta outorgada</i>” que, aínda que mantiña o autoritarismo, intentaba introducir reformas liberais tímidas: <i>liberdade de imprenta</i> (limitada), <i>abolición do réxime señorial</i> e o <i>fin da Inquisición</i>; buscando o apoio dos “<i>afrancesados</i>” para modernizar España. • Xosé I Bonaparte: O rei nunca tivo autonomía; dependía totalmente das decisións militares e económicas do seu irmáns.
Insurrección do 2 de maio: levantamento popular e a organización das Xuntas.	• Mentres a familia real estaba en Francia, o 2 de maio de 1808 o pobo de Madrid levántase para evitar a saída dos últimos membros da familia real. Pero os mandos militares españois (salvo Daoiz e Velarde) mantivéronse pasivos ou colaboracionistas inicialmente. • A represión francesa (fusilamentos do 3 de maio) estende a chama da rebelión por todo o país. • As Xuntas: Ante o baleiro de poder, o pobo asume a soberanía. A Xuntas Locais e Provinciais, coordinadas finalmente pola Xunta Suprema Central (presidida por Floridablanca) supuxo un fito político: a primeira vez que se recoñece que o poder emana da nación e non só do rei. • Dualidade de poder: Coexistiron o goberno de Xosé I (institucional) e o das Xuntas (insurrecto).
Fases da Guerra e estratexia	• 1ª Fase (Ata finais de 1808): Fracaso da ocupación francesa. Destaca a Batalla de Bailén, foi o primeiro desastre militar de Napoleón en Europa. Un exército improvisado español derrota aos franceses, obrigando a Xosé I a fuxir de Madrid. Rompeu o mito de invencibilidade francés. • 2ª Fase (1808-1812): Napoleón intervéen persoalmente coa <i>Grande Armée</i> (250.000 veteranos). Ocupación de case toda a península agás Cádiz. Aparece a Guerrilla: innovación táctica fundamental. Grupos de campesiños e ex-militares (como o Empecinado ou Mina) cortaban subministracións e correos. O exército francés nunca controlou o territorio, só as cidades. • Guerra total: a diferenza das guerras do XVIII, esta foi unha “guerra nacional” onde a poboación civil foi obxectivo e combatente (sitios de Zaragoza e Girona) • 3ª Fase (1812-1814): Ofensiva hispano-lusa-británica (liderada por Wellington) tras o fracaso de Napoleón en Rusia. Vitorias en Arapiles, Vitoria e San Marcial.
A Guerra en Galicia	• Ocupación fugaz: Moore e os británicos retiráronse por Coruña (Batalla de Elviña), deixando Galicia en mans dos mariscais Soult e Ney. • Xunta Suprema de Galicia: Constituída na Coruña, asumiu a soberanía e declarou a guerra a Francia. Galicia foi un dos primeiros territorios en organizarse de forma autónoma. • Expulsión dos franceses (1809): A resistencia foi masiva e organizada por

Subapartado	Contidos
	“alarmas” (milicias populares). A toma de Vigo (reconquista de Vigo, 28 de marzo) foi a primeira cidade de Europa en expulsar ós franceses polo seu propio esforzo. • Tras as batallas de Elviña e a decisiva Batalla de Ponte Sampaio (xuño de 1809), as tropas francesas son obrigadas a abandonar Galicia, definitivamente. Galicia converteuse nunha retagarda segura onde se imprimían xornais e se recrutaban tropas para o resto de España. • Importancia das Alarmas: Milicias populares galegas que foron clave para fustigar ao exército francés nas zonas rurais.
O fin da Guerra e o Tratado de Valençay	• Tratado de Valençay (1813): Napoleón, acosado na fronte rusa, recoñece a Fernando VII como rei e retira as súas tropas. • Consecuencias: O país quedou devastado. Perda de máis de medio millón de vidas, destrución de infraestruturas e un endebedamento que condicionaría todo o século XIX.